



PROCESO SELECTIVO CONVOCADO PARA A PROVISIÓN DE TRES PRAZAS VACANTES DE ORDENANZAS, INCLUÍDAS NA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO DO ANO 2020
Exp. 3143/2022

ANUNCIO: RESOLUCIÓN DAS RECLAMACIÓNS Á PUBLICACIÓN DO RESULTADO FINAL DO PROCESO SELECTIVO PROPOSTA DE NOMEAMENTO

PROPOSTA DEFINITIVA DE NOMEAMENTO

Na súa sesión do 2 de setembro de 2026 o órgano de selección adoptou os seguintes acordos:

1.- Análise das reclamacións presentadas:

Solicitante:	M.R.L.G.
Data de presentación	21/08/2026
Código de solicitude	2026-E-RE-8174

En canto á reclamación formulada polo aspirante no que solicita que *“o tribunal rectifique esa proposta de lista de reserva e inclúa a todas as persoas que superaron alo menos o primeiro exercicio, respetando o que dín as bases”*.

O TRIBUNAL ACORDA: NON ADMITIR á súa alegación, ao atoparse fora do prazo establecido. O prazo de alegacións establécese en 5 días hábiles, contado a partir do día seguinte a data de publicación, e tense por publicado o anuncio o 21/08/26.

Solicitante:	S.R.I.
Data de presentación	28/08/2026
Código de solicitude	2026-E-RC-13115

En canto á reclamación formulada polo aspirante no que solicita que:

“1.- Solicitar a anulación do examen celebrado o día 15 de xaneiro do 2026 por un error de forma no anuncio da convocatoria...”

O TRIBUNAL ACORDA: remitir ao anuncio publicado en data 03/07/2026 onde se resolve a convocatoria do segundo exame conforme ao asesoramento xurídico emitido pola Secretaría Municipal.

"2.- Se isto non se levara a cabo: que se proceda a realización do sorteo público e se modifique a lista todo tal e como está estipulado nas bases específicas"

O TRIBUNAL ACORDA: DESESTIMAR á súa alegación, segundo contemplan as Bases Específicas que regulan a convocatoria de procesos selectivos para cubrir prazas vacantes de persoal funcionario e laboral no concello de Redondela, publicadas no BOPPO de data 16 de maio de 2023 (núm. 93), na *CUARTA.- EXERCICIOS DA OPOSICIÓN* se especifica o carácter obrigatorio e eliminatorio de cada un dos exercicios, polo que a non presentación a algún deles implica a eliminación do proceso.

No apartado *SEXTO.- FUNCIONAMENTO DA LISTA DE RESERVA*: Indícase que "...se incluíran na lista de reserva as persoas que non superaran o último exercicio...", polo que faise obligatoria a súa presentación, de non ser así será eliminado do proceso.

Dito anuncio contén, como función do órgano de selección, unha relación das persoas aspirantes que optan á lista de reserva por orden de puntuación e en caso de empate, por orden alfabético, e sen perxuízo da listaxe de chamamentos que realizará con Concello no momento necesario conforme ás bases establecidos para o proceso.

2.- Examinadas das alegacións formuladas e á vista dos resultados finais reflectidos no anterior anuncio (de data 21/08/2026) e ao abeiro do disposto nas súas Bases reitoras, o Órgano de selección acordou por unanimidade na mesma sesión do 29 de xullo de 2026, someter á consideración do Goberno Local a seguinte proposta:

PROPOSTA DE NOMEAMENTO DE TRES ORDENANZAS MUNICIPAIS

"Propoñer o nomeamento como funcionarias/os de carreira con cargo a tres prazas vacantes de ORDENANZA encadradas dentro da escala de Administración Xeral, subescala Subalterna incluídas na oferta de Emprego Público dos anos 2020, que foron os que superando todas as probas previstas neste proceso selectivo, acadaron a máxima puntuación.

APELIDOS E NOME	Puntuación 1º proba	Puntuación 2º proba	Puntuación 3º proba	Puntuación total
RAMOS PASCUAL, JULIÁN	9,64	10	EXENTO/A	19,64
FERNÁNDEZ MARTÍNEZ, JESSICA	8,57	10	EXENTO/A	18,57
QUINTÁNS MUÑIZ, MARÍA ÁNGELES	8,04	10	EXENTO/A	18,04

"Os/as aspirantes propostos/as achegarán os seguintes documentos acreditativos de capacidade e mailos requisitos esixidos na convocatoria, dentro do prazo de 20 días naturais que se contarán desde a publicación da relación de aprobados/as no taboleiro de anuncios do concello:

- Fotocopia compulsada do documento nacional de identidade por ambos lados.
- Certificado médico, sen prexuízo dun posterior recoñecemento.
- Declaración xurada de non ter sido separado/a do servizo das administracións públicas e

- non estar incurso/a nalgunha das causas de incapacidade ou incompatibilidade determinadas na lexislación vixente.
- d) Número de afiliación á Seguridade Social."

En Redondela, a data 2 de setembro de 2026

A secretaria do Órgano de selección

Miriam Rodríguez Pérez



Vº e Prace: A presidente do órgano de selección



Antía Mosquera González

